


LOLO E MAMÁ

Dedicado a tí **Mabel Arana Cherrutti**.
Miña Nai. Quero honrarche e
agradecerche a tí. Orixe da vida...
parte de nós.

E a todas as nosas **Nais**: Carmen González,
María Carrodegúas, Conchi Pérez.



De Ste Xeito presenta

LOLO E MAMÁ

STEPHY LLARYORA

JOSI LAGE



Dramaturxía e Dirección:
Esther F. Carrodegúas



LOLO E MAMÁ



Loló: **Stephy Llaryora**

Mamá: **Josi Lage**

Dramaturxia e Dirección: **Esther F. Carrodeguas**

Axudante de Dirección: **Noelia Blanco**

Deseño de Luces: **Javier Quintana**

Vestuario e Espazo Escénico: **Esther F. Carrodeguas**

Produción: **De Ste Xeito Producións**

Fotografía e Deseño: **GF/STUDIO**

Agradecementos:

Steve Domínguez Fernández, Esad de Vigo, Noelia Blanco, Luis Viéitez e Teatro Mimosa Vigo, Jacobo Gayo, David Castillo Pérez, Cany, Aurora Pérez, Antonio Flos, Sandra María Fernández, Xavi Castiñeira, Mercedes R. Pimentel, Alexandre Cabanas, Francisco Javier Martínez Soto e Fisioterapia Quimas, Plácido Lage Justo; Marcos e Plácido Lage, Uxío e Lía, Bea Gramary e Jose Gayo. Cami, As chicas "Ye-Yés": Su, Sol, Chus, Raquel, Sonia.

Feliz Aniversario Mamá!

Arrancan as túas 60 primaveras e semellan ser 40! Mamá xovial, mamá fenomenal! Parabéns por chegar tan alto e sempre sorrindo e voando, coma unha pomba. Mamá branca. Coma unha meniña, pero mamá. Mamá filla máis que nai, a veces. Irmá da ialma (tamén). Mamá e muller, pero sobre todo muller. Muller fumando na estación. Muller de estación en estación. Muller flor. Muller loucura. Muller e mamá. Mamá ovos fritos. Mamá encontros e desencontros. Mamá sempre lonxe e tan preto. Mamá distancia. Mamá silencio. Na distancia e tamén cando estamos xuntas, así, sen ter que dicir nada, simplemente acompañándonos. Mamá valente, independente, intelixente, carismática, guerrilleira e loitadora. Mamá profesional, libre, forte e brava, que me fixo ser como son. Mamá integra de valores e de raíz. Mamá señora pouco señora, saltando obstáculos co sorriso posto, sempre. Mamá tenrura. Puro corazón.

Deséxote o mellor dos días mentres te agardo cos brazos xa abertos. E cando caia o inverno calcetaremos arimadiñas no meu sofá. Porque unha nova vida nos espera, por fin xuntas. XUNTAS.

Loló, 23 Maio 2017